

A escola que precisamos e merecemos dende hai tempo

Luz López

Secretaría Xeral da Federación de Ensino CC.OO. Galicia

luzlopez@galicia.ccoo.es

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 90

Non queremos dicir que non teña habido altos e baixos nos últimos anos no modelo de escola que defende maioritariamente a comunidade educativa, sobre todo desde que nos están a comparar, de xeito falsario, con Corea do Sur, Singapur ou Finlandia. Somos teimudos ao seguir defendendo a necesidade do pacto educativo e seguiremos ata logralo, pese a todas as dereitas que seguen a defender proxectos exclusivos, teorías involucionistas e beneficios económicos, a costa do erario público, para empresas privadas que usan o ensino como negocio.

É sabido que materializar un pacto educativo, que CC.OO. vén defendendo dende hai anos, non é fácil. Pero procuraremos que o próximo intento de acadar o pacto educativo veña precedido do convencemento de que non se pode desmantelar o sistema público, que ten que seguir a ser o eixo vertebral ao servizo de toda a cidadanía porque é o que pode ofrecer a mellor garantía de igualdade de oportunidades apostando pola diversidade, evitando a segregación e garantindo a construción dunha cidadanía non excluínte.

Todas as forzas políticas representativas, CC.OO. e os outros sindicatos, que representan a todo o persoal docente e non

docente, o universo máis amplo posible de organizacións representativas de nais e pais e o imprescindible consenso dos movementos de renovación pedagóxica –Nova Escola Galega, en particular- teñen que acordar uns mínimos principios, sen entrar en detalladas concrecións, uns mínimos acordos que sirvan para que una xeración teña unha lei educativa estable.

Os actuais currículos están desfasados, son pouco atractivos e inabordables. Faise imprescindible revisar os contidos que o alumnado recibe na escola e consensuar un currículo máis significativo e acorde cos tempos actuais.

Para CC.OO. non se trata de desmantelar unha rede escolar subsidiaria da rede pública; temos o máximo respecto aos seus profesionais, non tanto aos seus empresarios, mais coídamos que esta rede, no desexado pacto educativo, ten que se adaptar a un modelo integrado, como o dos nosos referentes xeográficos e culturais; é dicir, que todos e todas nos poñamos de acordo en que a escola ten que ser unha organización xestionada democraticamente, na que prime a laicidade, que non pode ser un instrumento de segregación, que ten que recoller no seu seo ferramentas para atendermos axeitadamente todas as diferenzas culturais, lin-

güísticas, de atención á diversidade coa flexibilidade precisa para evitaren enfrontamento inútil. Cuestionamos o desexo do ensino privado de saír do nivel de complementariedade actual para aspirar ao de igualdade coa Pública no sistema educativo.

Así mesmo non podemos deixar de lado, outra vez, a educación infantil 0-3 e a eterna polémica sobre o acceso á función docente e a valoración social da mesma.

CC.OO. non quere pasar por alto a diversidade normativa e a diferenza de dereitos que se poden exercer; polo tanto, pensamos que cómpre poñer remedio a esta dispersión lexislativa e fixar os mínimos comúns recollidos no pacto educativo; non esquecemos que pode ser un problema, mais hai que poñer vontade para superalo.

Así mesmo, CC.OO. pensa que a estas alturas do século non se poden seguir utilizando as linguas como ferramentas políticas. O uso do galego debe acadar a normalización de xeito que ao remate do ensino obrigatorio o alumnado teña competencia, polo menos nas dúas linguas cooficiais.

A tarefa non vai ser sinxela, os pactos nunca o son, mais pódese contar con CC.OO. para rematar coa diversa e confusa lexislación e acadar un marco mínimo no que, as familias e o profesorado, é dicir a comunidade educativa, a sociedade no seu conxunto, teña un problema menos e un acordo máis. ■